



**CONCELLO
DE FRADES**

Actividades de Verán 2022



XUÑO

APERTURA DA PISCINA MUNICIPAL



DÍA: venres 23 de xuño

HORARIO PISCINA De luns a venres de 15:30 a 21:00h.

Sábado e domingo de 14:00 a 21:00h.

Entrada gratuíta. Preferencia empadroados/as en Frades.

XULLO

XOVES DE PRAIA

Días: 7, 14, 21 e 28

Lugar: Praia de Barraña (Boiro)

Prezo: 7€ por día / 25€ mes completo. Nenos/as ata 12 anos: 5€ por día.

Non empadroados/as 10€ día/32€ mes completo.

*Poderanse reservar meses completos ou días como máximo o martes anterior a cada saída.

Obrigatorio o pago en conta bancaria, agás os/as

que queden en reserva, que pagarán no autobús no caso de ter praza.

O percorrido do bus será o de anos anteriores. Saída as 10:00h dende A Garabanxa. Preferencia empadroados/as en Frades.

Prazas limitadas (1 bus).

Uso obrigatorio de máscaras no transporte (según a normativa en vigor).



CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN/CONCILIACIÓN

Datas: Do 27 de xuño ata o 2 de setembro.

Horario: De 9:00 a 14:00 h.

A hora de entrada será dende as 9:00 ás 9:30 e a hora de saída dende as 13:30 ata as 14:00.

Idades: A partir de 4 anos (en idade escolar).

Lugar(es): CPI de Ponte Carreira e instalacións municipais (piscina, campo de fútbol, pavillón...).

Actividades: Xogos, obradoiros, experimentando coa ciencia, Masterchef, xardinería, festas, sendeirismo, piscina, festa da auga, actividades deportivas, contacontos,...

Prezo: Empadroados/as: 25€ quincena, 50€ mes, 125€ campamento completo.

Non empadroados/as: 40€ quincena, 80€ mes, 200€ campamento completo.

Data límite para anotarse o 22 de xuño. Tempo mínimo de inscrición 15 días. É necesario xuntar un grupo mínimo. Preferencia empadroados/as en Frades.

1ª quincena: do 27 de xuño ata o 8 de xullo.

2ª quincena: do 11 de xullo ata o 22 de xullo

3ª quincena: do 26 de xullo ata o 5 de agosto.

4ª quincena: do 8 de agosto ata o 19 de agosto.

5ª quincena: do 22 de agosto ata o 2 de setembro.

Desconto para o 2º irmán/á do 20% - Familia numerosa 50%. (imprescindible presentar copia do libro de familia onde o acredita).

Tomaranse as medidas de protección fronte á Covid-19 que establezan as autoridades sanitarias para esas datas.

Para calquera consulta poden poñerse en contacto co Concello.

CAMPIONATO MUNICIPAL DE PESCA

Día: Sábado 23 de Xullo

Lugar: Área Recreativa da piscina municipal de Frades

Horario: A partir das 10:00h

Idades: Menores de 16 anos

Os/as menores terán que ir acompañados/as por unha persoa adulta. Os/as participantes deberán ir provistos de cana e cebo.

*Actividade gratuíta. Entrega de agasallos aos/as participantes e merenda.

Anotarse no Concello antes do 18 de xullo.



Colabora:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

DÍA DO/A NENO/A

Día: Sábado 23 de xullo.

Lugar: Piscina municipal de Frades.

Horario: A partir das 16:00 h.

Actividades: Tren turístico, xogos, inchables, guerra de globos de auga, merenda e outras actividades. (As actividades estarán suxeitas ás normas de seguridade e protección fronte á Covid-19 vixentes nesas datas).

Ás 18:00 h. Espectáculo musical a cargo de "BRAIS DAS HORTAS".

É imprescindible anotarse no Concello antes do día 18 de xullo. Actividade gratuíta.



Colabora:



Deputación
DA CORUÑA

ACTUACIÓN DO MAGO ILUSIONISTA "JOSHUA KENNETH"

Data: Luns 25 de xullo.

Lugar: Campo da festa de Galegos.

Horario: 19:30h.

Contido: Grande espectáculo de maxia e ilusionismo a cargo do mago Joshua Kenneth, onde vos sorprenderá a todos e todas con maxia de cerca e espectáculo de ilusionismo.

É imprescindible anotarse no Concello antes do día 22 de xullo



Colabora:



Deputación
DA CORUÑA

NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "SCOOBY DOO"



Data: 29 de xullo.

Lugar: Praza pública de Ponte Carreira.

Horario: 22:00 h.

Actividade gratuíta. Para todas as idades. (En caso de choiva aprazarse).

É imprescindible anotarse no Concello antes dese día.
Prazas limitadas.

Colabora:  Deputación
DA CORUÑA

EXCURSIÓN AO BARQUEIRO ORTIGUEIRA E CAIAC

Data: Sábado 30 de xullo.

Horario: Saída do Concello ás 9:00 h.

Contido:

MAÑÁ:

OPCIÓN1: Ruta en caiac polo río Sor. Saída do Barqueiro e iremos visitando as praias de Montefurado, Area-longa, Moledos, Caolín, Fabriquín, Porto do Vicedo, Faro da Punta da Barra...

OPCIÓN 2: Visitaremos Estaca de Bares e o seu faro así como o pobo do Barqueiro.

Comida nun restaurante da zona e pola tarde visitaremos Ortigueira e as súas zonas de interese.

Prezo: 30€ empadroados/as – 35€ non empadroados/as. Nenos ata 12 anos (incluídos) 25€ empadroados/as 30€ non empadroados/as.

Preferencia empadroados/as en Frades.

Xantar incluído. Anotarse antes do 22 de xullo.



AGOSTO

XOVES DE PRAIA

Días: 4, 11, 18 e 25 de agosto e 1 de setembro.

Lugar: Praia de Barraña (Boiro).

Prezo: 7€ por día / 30€ mes completo.

Nenos/as ata 12 anos 5€ por día.

Non empadroados/as 10€ por día – 40€ mes completo.

*Poderase reservar meses completos ou días como máximo o martes anterior a cada saída.

Obrigatorio o pago en conta bancaria, agás os/as que queden en reserva, que pagarán no autobús no caso de ter praza.

O percorrido do bus será o de anos anteriores. Saída ás 10:00h dende a Garabanxa.

Preferencia empadroados/as en Frades.

Prazas limitadas (1 bus).

Uso obrigatorio de máscaras no transporte, segundo a normativa en vigor.



EXCURSIÓN AO AQUAPARK DE CERCEDA

Día: Venres 5 de agosto.

Prezo: 0 a 4 anos gratuíto, resto 5€ empadroados/as en Frades - 8€ non empadroados/as.

Horario: Saída do Concello ás 13:00 h e volta ás 20:00 h. da tarde (levar comida).

O Concello subvenciona o transporte.

Actividade para todas as idades.

Imprescindible anotarse no Concello antes do 2 de agosto (é necesario reservar as entradas). Prazas limitadas.

Uso obrigatorio de máscaras no transporte (segundo a normativa en vigor).

É imprescindible anotarse no Concello antes do 1 de Agosto.



NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "LOS CROODS, NUEVA ERA"

Día: Venres 5 de agosto.

Lugar: Praza pública de Abellá.

Horario: 22:00 h.

Actividade gratuíta. Para todas as idades. (En caso de choiva aprazarse).

É imprescindible anotarse no Concello antes dese día.

Prazas limitadas.



RUTA DE SENDEIRISMO OS PASOS DE AIZO

Data: Sábado 6 de agosto.


Horario: De mañá.

Lugar: Área recreativa Os Pasos de Aiazo.

*Actividade gratuíta con sorpresas para os/as participantes.

Para todas as idades. Interesados/as en participar pññerse en contacto con membros da asociación.

Organiza AVV "Os Pasos". Colabora Concello de Frades.



ACTUACIÓN "PÍCNIC" DE PÉREZ E FERNÁNDEZ

Data: Sábado 6 de agosto.

Lugar: Praza Pública de Ponte Carreira

Horario: 20:30 h.

Contido: PÍCNIC é un espectáculo da compañía Pérez&Fernández no que se empregan como linguas o galego e o inglés- Unha excursión en familia, dous irmáns na procura dun lugar especial no que compartir unha comida campestre coa xente que queira gozar dunha merenda de contos, anécdotas, música, baile e monicreques. A quen non lle gusta un pñnic?

Actividade gratuíta. Anotarse no Concello antes do 3 de agosto.

En caso de choiva poderase cambiar a localización ou aprazalo.



Colabora:  **Deputación
DA CORUÑA**

NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "CUÑADOS"

Data: Venres 12 de agosto.

Lugar: Praza de Ponte Carreira.

Horario: 22:00 h.

Actividade gratuíta. Anotarse no Concello antes de ese día.

(En caso de choiva aprazarase).

Colabora:  **Deputación
DA CORUÑA**



FESTA DA AUGA

Data: Sábado 20 de agosto.

Lugar: Piscina Municipal de Frades.

Horario: A partir das 16:00 h.

Actividades: Inchables acuáticos, tobogán de auga, festa da escuma e outras sorpresas. (As actividades estarán suxeitas ás normas de seguridade e protección fronte á Covid-19 vixentes nesas datas).

Ás 18:00 h. Espectáculo "O pallaso Piter".

É imprescindible anotarse no Concello antes do día 16 de agosto.

Actividade gratuíta.



DÍA DA BICICLETA

Data: Sábado 27 de agosto.

Horario: A partir das 11:00 h.

Idades: Todas as idades.

Lugar: Praza pública de Ponte Carreira.

Farase unha ruta polo Concello. Uso obrigatorio de casco.

É necesario anotarse previamente no Concello antes do 23 de agosto.

Agasallos para todas as persoas participantes.



CAMPIONATO DE PÁDEL



Data: Sábado 27 de agosto.

Horario: A partir das 16:00 h.

Lugar: Piscina municipal.

Inscripción: Gratuíta. É necesario anotarse previamente no Concello antes do 23 de agosto. Premios especiais para finalistas.



SETEMBRO

EXCURSIÓN DE 4 DÍAS A NAVARRA E Á RIOXA

Data: 22, 23, 24 e 25 de setembro.

Prezo: 315€ (autobús, 3 noites de hotel 4 estrelas, comidas, seguro de viaxe e guías).

Nenos/as ata 12 anos: 200€.

Contido:

Visitaremos os seguintes lugares: Pamplona, Tudela, Olte, Ujué, Sangüesa, Javier, Puente de la Reina, Estrella e Santo Domingo de la Calzada.

Anotacións no Concello dende o 1 ata o 31 de agosto.

Reserva do n.º de asento e praza por orde de inscrición.

Preferencia empadroados/as en Frades.

Prazas limitadas: mínimo 50 persoas para realizar a excursión.



ACTUACIÓN "APRENDENDO A QUERER"

Data: Sábado 24 de setembro.

Horario: 11:30 h.

Lugar: Multiúsos de Frades.

Contido: Contacontos teatralizado de "Os ratos e ratiñas de Lonxedetodo", onde nos contan a importancia de tratarse os uns aos outros con respecto, coidado e cariño.

Imprescindible anotarse no Concello antes do 21 de setembro.



ler
conta moito



XUNTA
DE GALICIA

CURSOS DE VERÁN

CURSOS DE NATACIÓN

Data: Comezo o 11 de xullo e remate o 26 de agosto.

Lugar: Piscina municipal.

Prezo: Nenos/as maiores de 4 anos: 20€. Non empadroados/as 30€.

Adultos/as (maiores de idade): 30€. Non empadroados/as 40€.

Horarios:

NENOS/AS:

Iniciación: Grupo 1: Martes e xoves de 14:00 a 14:30.

Grupo 2: Martes e xoves de 14:30 a 15:00.

Grupo 3: Martes e xoves de 15:00 a 15:30.

Perfeccionamento: Luns, mércores e venres de 14:45 a 15:30.

ADULTOS/AS: Luns, mércores e venres de 14:00 a 14:45.

O pago realizarase no banco. Necesario xuntar un grupo mínimo de 10 persoas.

É imprescindible anotarse no Concello antes do 4 de xullo.

CURSO DE PILATES DE VERÁN

Duración: Meses de xullo e agosto.

Lugares e horarios: Martes de 21:15 a 22:15 no pavillón de Ponte Carreira.

Xoves de 21:15 a 22:15 no Pazo de Galegos.

Venres de 21:15 a 22:15 no Edificio Multiúsos do Concello.

Comezo: Martes 5 de xullo.

Prezo: 12€ curso completo (1 día por semana) – non empadroados/as 15€.

Grupo mínimo 12 persoas. Anotacións no Concello de Frades antes do 30 de xuño.

HORARIO DE VERÁN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

Martes de 17:00 a 20:00 h.

A biblioteca permanecerá pechada os xoves pola tarde e os sábados de mañá dende o 2 de xullo ata o 30 de agosto.

Faite socio/a e recibirás de agasallo un libro.



NOTAS RECORDATORIAS

PUNTO LIMPO DE FRADES-MESÍA



RECEPCIÓN DO RESIDUO:
MÉRCORES De 16:00 a 20:00
SÁBADO De 12:00 a 16:00

Teléfono Punto Limpo
Teléfono Concello

Frades 981 695 567
Mesía 981 687 001

Correo electrónico

Frades correo@frades.gal
Mesía correo@concellodemesia.gal

Un Punto Limpo é unha instalación cun equipamento axeitado para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos urbanos de especiais características.

Estas instalación teñen como obxectivo fundamental poñer a disposición dos cidadáns un espazo para a achega voluntaria de residuos que non poden ser eliminados por medio dos servizos convencionais da recollida de lixo, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou a súa composición (residuos perigosos).

No Punto Limpo sepáranse os distintos residuos segundo a súa tipoloxía, facilitando o seu tratamento e valorización posterior, favorecendo a protección e mellora do Medio Ambiente.

NORMAS DE UTILIZACIÓN:

1. Os usuarios son exclusivamente os cidadáns particulares do Concello de Frades e de Mesía. (poderase eximir a presentación do DNI).
2. Queda prohibida a entrada a empresas que pretendan depositar residuos procedentes da súa actividade principal (salvo que contén cos autorización previa do Concello).
3. Só se poderá acceder ao Punto Limpo para depositar residuos, non para outros fins.
4. En todo intre o usuario deberá seguir as indicacións do operario xa que é o encargado do correcto depósito dos residuos entrantes e do estado xeral da instalación.
5. Prohibese abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento do Punto Limpo.

PROHÍBESE A ENTRADA DE RESIDUOS DE ORIXE INDUSTRIAL

RESIDUOS ADMISIBLES: (Art. 6 e art. 8 do regulamento do funcionamento do punto limpo)

 PAPEL E CARTÓN MÁX. 20 KG.	 VIDRO MÁX. 20 KG.	 ESCOMBROS MÁX. 25 KG.	 MADEIRAS MÁX. 25 KG OU 1 MOBLE	 PLÁSTICOS MÁX. 25 KG.	 VOLUMINOSOS (colchóns, sofás) MÁX. 1 UD.
 ELECTRODOMESTICOS MÁX. 2 UDS.	 FRIGORIFICOS MÁX. 1 UD.	 ACEITE DE MOTOR MÁX. 5 L.	 ACEITE VEXETAL MÁX. 5 L.	 AEROSOIS MÁX. 10 UDS.	 PINTURAS MÁX. 1 KG.
 PLÁSTICOS DE SILO MÁX. 1 M ³	 FLUORESCENTES MÁX. 3 UD.	 PILAS MÁX. 5 KG.	* Para outros residuos consultar ao operario	RESIDUOS NON ADMISIBLES: Residuos industriais de empresa Biosura orgánica Neumáticos fora de uso Residuos fitosanitarios	Bombonas Extintores Uralita de amianto Residuos radioactivos Medicamentos Mercurio e plomo



Concello de
Frades



Concello de
Mesía

**PUNTO
LIMPO
MÓBIL**



ÚSAO!



Xacobeo 21-22



DATAS	FRADES	
	Parroquia	Ubicación
04/05/2022 a 10/05/2022; 13/10/2022 a 25/10/2022	Gafoi	Praza
12/05/2022 a 24/05/2022; 27/10/2022 a 08/11/2022	Aiazo	Aparcadoiro Igrexa
26/05/2022 a 01/06/2022; 10/11/2022 a 22/11/2022	Moar	Igrexa
09/06/2022 a 21/06/2022; 24/11/2022 a 06/12/2022	Galegos	Igrexa
23/06/2022 a 05/07/2022; 08/12/2022 a 20/12/2022	Frades	Aparcadoiro igrexa
07/07/2022 a 19/07/2022; 22/12/2022 a 31/12/2022	Abellá	Pavillón
21/01/2022 a 02/08/2022	Ledoira	Local Social
04/08/2022 a 16/08/2022	Céltigos	Local Social
18/08/2022 a 30/08/2022	Aña	Praza
01/09/2022 a 13/09/2022	Vitre	Local Social
15/09/2022 a 27/09/2022	Papucín	Igrexa
29/09/2022 a 11/10/2022	Mesos	Praza

CONCELLOS



Concello de
Frades



Concello de
Mesía



ÓNDE?

Irá rotando por todas as
parroquias

**PUNTO
LIMPO
MÓBIL**



QUÉ?



BOTES DE IMPRIMA/
VERNIZ OXALUENTE



TUBOS
FLORESCENTES



BATERÍAS



PEQUEÑOS
ELECTRODOMÉSTICOS



CARTUCHOS
DE TINTA



BOMBILLAS DE
BAÍNO CONSUMO



ACEITES VEGETAIS
(EXCEPTO O DE COCINAR)



PILAS DE BOTÓN



PILAS ALCALINAS



OUTRAS PILAS



ACEITES
MINERAIS



CALZADO



TELÉFONOS
MÓBILES



AEROSOIS



CONTACTO



Concello de
Frades

981 69 55 67



Concello de
Mesía

981 68 70 01



FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Xacobeo 21-22



MEDIOAMBIENTE

RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS

A recollida faise os primeiros mércores de cada mes.

Tipo de residuos que se poden depositar: Ferros, electrodomésticos, mobles, colchóns...

PROHIBIDO: pneumáticos, entullo e restos de obras (sanitarios), baterías, cristais... Estes residuos débense xestionar con empresas especializadas (nos lugares de compra ou coas empresas que realizan as obras).

Nota importante: Por favor depositar estes residuos o día antes da recollida ao lado dos contedores habituais.

RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS

Deben depositalos no punto limpo. Hai que entregalos perfectamente pregados e atados. Os plásticos non se poden depositar nin dentro nin ao lado dos colectores das parroquias, xa que o servizo de recollida non se fai cargo deles.

Nota importante: Poderanse recoller os plásticos nas explotacións sempre e cando chamen antes ao Concello.

XESTIÓN DE ENVASES FITOSANITARIOS BALEIROS

Lémbrese que está prohibido queimar ou depositar nos colectores os envases baleiros de produtos fitosanitarios de uso agrario, tales como: herbicidas, insecticidas... Deberán ser lavados e entregados nalgún establecemento de venda de produtos deste tipo para o seu tratamento.

COLECTORES DE RECOLLIDA DE ACEITE VEXETAL DE USO DOMÉSTICO

Existen 3 colectores para a recollida de aceite de uso doméstico nos seguintes puntos do concello: Praza de Ponte Carreira, campo de fútbol de Abellá e Casa do Concello.

COLECTOR DE ROUPA E CALZADO

Existen tres colectores de recollida de roupa e calzado. Están situados na praza do Concello, na praza de Ponte Carreira e xunto ao campo de fútbol de Abellá.

SEPARACIÓN DE REFUGALLO

Á hora de tirar o lixo é importante separar e reciclar nos colectores que existen no noso concello para este fin.

(Azul para cartón, amarelo para envases de plástico e iglú verde para o vidro).



VERTEDOIROIS ILEGAIS:

Estanse detectando varios vertedoiros ilegais no noso concello, tanto en leiras públicas como en privadas. Recordamos á veciñanza que está totalmente prohibido depositar residuos de calquera tipo nestes lugares. Estes actos pónense en coñecemento das autoridades competentes (Seprona e Garda Civil), que se encargan de buscar aos culpables e de xestionar as infraccións e as correspondentes sancións económicas.

ACCESOS ÁS LEIRAS PARTICULARES

Infórmase que en ningún caso os accesos ás leiras interromperán ou modificarán as escorrentías das gabias. Para mellor conservación das pistas municipais e así beneficiarnos todos e todas, lembramos a obrigatoriedade de colocar tubos coas medidas adecuadas nas entradas das leiras.

Tamén queremos recordar que se deben gardar as distancias adecuadas ás pistas municipais sen invadir as cunetas destas cando se realicen labores agrícolas ou forestais, así como solicitar os correspondentes permisos no concello cando se realicen cerrados ou valados nas leiras particulares.

DISTANCIAS MÍNIMAS EN PLANTACIÓNS FORESTAIS

Informamos á veciñanza que segundo o anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, as distancias mínimas que deben respectar as repoboacións forestais, en función da especie da que se trate, son as seguintes:

	FRONDOSAS (ameneiros, bidueiros, castiñeiros, carballos, loureiros, nogueiras..)	RESTO DE ESPECIES (eucaliptos, piñeiros, acacias...)
Estradas convencionais Nacional N-634 (Santiago—Curtis) Estrada autonómica AC-524 (Ordes- Lanzá) Estradas provinciais DP-3801, DP-3802 (Ordes- Ponte Carreira e Frades—Sgüeiro)	4 metros	10 metros
Pistas locais forestais municipais	2 metros	4 metros
Vivendas, solo urbano, núcleos rurais	15 metros	50 metros

As distancias deben medirse dende o límite do dominio público, é dicir, dende a aresta exterior da gabiá. O non cumprimento da Lei constitúe unha infracción administrativa grave, que poderá dar lugar á obriga de reparar o dano causado así como o pago dunha multa sancionadora.

FEIRAS EN FRADES

PONTE CARREIRA:

12 e 26 de cada mes

ABELLÁ:

1ª VENRES de cada mes

FESTIVO LOCAL 2022

**29 de setembro
(San Miguel)**



REQUISITOS XERAIS DAS ACTIVIDADES

* TERÁN PREFERENCIA AS PERSOAS EMPADROADAS EN FRADES, AS NON EMPADROADAS CONSULTAR PREZOS.

* AS ACTIVIDADES COMEZARÁN NO MES DE XULLO SÓ NO CASO DE XUNTARSE UN GRUPO MÍNIMO E FINALIZARÁN A FINAIS DE AGOSTO. A EXCEPCIÓN DAS QUE TEÑAN UNHA DURACIÓN ESPECÍFICA.

* MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS NO CONCELLO DE FRADES.

* NO CASO DE NON XUNTARSE GRUPO, AS ACTIVIDADES PODERÁN SER CANCELADAS.

* COMO NORMAL XERAL A ACTIVIDADE DEBERÁ ESTAR PAGADA ANTES DO SEU COMEZO.

* HABERÁ QUE ANOTARSE NO CONCELLO PARA TODAS AS ACTIVIDADES CON ANTELACIÓN.

* MÁIS INFORMACIÓN SOBRE DESCONTOS, EXECCIÓNS E BONIFICACIÓNS NOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE FRADES.

* O PAGO DE TODAS AS ACTIVIDADES FARASE A TRAVÉS DO NÚMERO DE CONTA:

ES36 0049 2722 31 2914050280 BANCO SANTANDER

Pasos a seguir:

1. Inscribirse no Concello para a actividade que se queira realizar.
2. Pago mediante ingreso ou transferencia no número de conta arriba indicado, poñendo no concepto a actividade que se vai realizar e o nome do/a participante.





COLABORA:

**Deputación
DA CORUÑA**



**XUNTA
DE GALICIA**

ORGANIZA:



**CONCELLO
DE FRADES**

**MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS
NO CONCELLO DE FRADES**

981 695 567

981 695 663

www.concellodefrades.gal

